



# Programa de actividades escolares 2008/2009

Departamento de didáctica

Departamento de accesibilidade e  
capacidades diferentes

> MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

> DEPUTACIÓN DE LUGO



## Programa de actividades

O Museo Provincial de Lugo pon a disposición dos centros escolares a súa programación para o curso 2008-2009 co obxectivo de achegar o patrimonio dos museos á poboación escolar, sempre dunha maneira lúdica e atractiva, sen desatender os contidos educativos.

A nosa experiencia e a de moitos docentes que participaron cos seus alumnos nalgunha actividade en cursos precedentes animámonos a proseguir nesta liña, procurando mellorar a oferta cada novo curso para afondar na estimulante colaboración entrambos espazos educacionais. Os museos non teñen razón de ser se non lle son útiles á sociedade que os crea e que os sostén, e nese labor tanto docentes como traballadores e responsables de museos debemos andar o mesmo camiño.

A concertación para realizar calquera das actividades programadas debe facerse consonte aos criterios establecidos no apartado "Como concertar unha visita en grupo". Así mesmo, lembrámoslles que estamos á súa disposición para atender calquera consulta e, de parecerlles oportuno, para que coñezan previamente o desenvolvemento na práctica da actividade que desexen realizar co seu alumnado.



## > RUTA FRANCISCANA

(E. Infantil e 1º ciclo de E. Primaria)

A historia do edificio que hoxe ocupa o Museo de Lugo comezou hai moito tempo cuns frades franciscanos. Queremos aproveitar os espazos que quedan daqueles tempos (refectorio, cociña e claustro) e lembrar os seus usos. E buscaremos un frade coma aqueles que viviron no museo. E xogando, xogando, atoparémolo!



## > VIAXE POLA PREHISTORIA

(2º, 3º e 4º de E. Primaria)

Percorrido de sensacións tocando pezas da prehistoria. Mediante o coñecemento directo de distintos artefactos (útiles, ferramentas, armas,...) iniciámonos no coñecemento sobre o seu uso e función, e decatámonos da evolución dos utensilios nas distintas etapas da prehistoria.



## > MISTERIO NO MUSEO

(4º, 5º de E. Primaria)

Ata agora ninguén foi quen de descubri-lo. Hai quen bota a lingua a pacer sen saber de que fala. No museo hai un misterio sen resolver e que, con sentidiño, á maneira dos mellores detectives podemos desvelar. As pistas precisas están nas obras expostas; un simple detalle, unha pegada aparentemente irrelevante, pode ser o dato definitivo.



## > A CASA E OUTRAS CONSTRUCCIÓNS DE LUCUS AUGUSTI

(4º, 5º e 6º de E. Primaria; 1º e 2º de E.S.O.)

Visítanse os mosaicos romanos, coñécese a súa historia, procedencia, técnicas de fabricación e restauración, ...etc. Recompoñemos cun puzzle xigante o formidable mosaico de Armaña, o coñecido como de "Dédalo e Pasifae".



## > SAFARI NO MUSEO

(1º, 2º, 3º de E. Primaria)

Percorrido buscando animais representados en distintas obras expostas no museo. Logo da busca podemos xogar a agrupalos segundo sexan de pelo ou de pluma, de auga, de terra ou de aire, peixes, mamíferos, ...etc. Rematareremos a actividade completando un álbum cos cromos correspondentes aos animais avistados durante o safari.



## > A ARTE DO VESTIDO

(4º e 5º de E. Primaria)

Con esta actividade pretendemos que os alumnos/as se decaten de que cada época tivo unha forma diferente de vestirse e que o vestido de cada período é un parte importante da historia.



## > INICIACIÓN AO GRAVADO

(5º e 6º de E. Primaria)

Coñeceremos as principais técnicas de gravado a través da teoría e a práctica, e as ferramentas (burís, pranchas...), entintaremos e estamparemos. Cada alumno/a levará a obra realizada por el.



## >ALGO MÁIS QUE VER UN CADRO, UNHA ESCULTURA...

(3º, 4º 5º e 6º de E. Primaria)

Case maxia. Metémonos dentro dun cadro e sen ver o que ven os que miran de fronte, temos que averiguar de que obra somos personaxes. Descubriremos figuras, formas e símbolos dalgunhas obras pictóricas expostas no museo.



## >VIAXE POLO LUGO ROMANO

(4º, 5º e 6º de E. Primaria)

Desde a historia do imperio ata a do Lugo romano. Viaxe que nos axuda a entender de onde vimos a través dos fondos do museo.



## >A AVENTURA DA CERÁMICA

(4º, 5º e 6º de E. Primaria)

Desde o barro e a arxila ata chegar ás formas cerámicas. Coñeceremos a orixe e a historia da cerámica, a evolución das formas e os diversos usos dos utensilios cerámicos desde a antigüidade ata a actualidade.

# Actividades permanentes para grupos escolares

## > O MUSEO POR DENTRO

(Educación Infantil e E. Primaria)

Como é un museo por dentro? Como funciona? Desde que chega unha peza ou obra de arte ata que se instala... Como chega? Quen a trae? Quen a recibe? Quen a acomoda?

## > RUTAS LITERARIAS POLO MUSEO

(De 1º a 4º de E.S.O.)

Hai 4 rutas: a da *pantasma*, a da *serpe*, a do *paxaro* e a do *trasno*. Cada unha das rutas está baseada nun relato do libro "Contos do Museo" con textos de Xabier P. Docampo, Paco Martín, Xosé Miranda e Agustín Fernández Paz. Conta cunha "folla de ruta" que os alumnos/as deben completar no museo. O profesorado interesado debe poñerse en contacto co Departamento de Didáctica para coñecer máis detalles da actividade e para concertar a visita.

## > VISITA DE INICIACIÓN AO MUSEO

(E. Primaria e E. S. O.)

Visita guiada adaptada ao nivel do alumnado que comprende as partes históricas do edificio (refectorio, cociña e claustro) e as coleccións que albergan estas salas. Visítase tamén a sala de ourivería prerromana e romana, a sección de Prehistoria e Arqueoloxía e a sala de mosaicos romanos.

## > VISITA Á SECCIÓN DE PREHISTORIA E ARQUEOLOXÍA

(3º ciclo de E. Primaria e E. S. O.)

Visita guiada adaptada ao nivel do alumnado a esta importante sección do museo: desde o Paleolítico ata a Romanización.

## > A ROMANIZACIÓN

(E.S.O. e B.A.C.)

Visita guiada que percorre as coleccións de época romana do museo. Epigrafía, mosaicos, numismática, cerámica, ritos funerarios, etc. Unha historia da época romana a través dos fondos do museo.



## Normas de visitas en grupo

As visitas guiadas deben concertarse co Departamento de didáctica chamando ó teléfono 982 242 112 cunha antelación dunha semana para as permanentes, e 15 días para as temporais.

O número de componentes do grupo non pode superar as 30 persoas. Cada visita guiada terá unha duración aproximada entre 60 e 90 minutos.

O responsable ou responsables de cada grupo velarán polo bo comportamento do mesmo e o cumprimento das seguintes: "Normas Xerais de Visitas ó Museo"

### > PROHÍBESE

- Entrar nas salas portando bolsas, paquetes ou outros vultos. - Entrar nas salas portando paraugas ou outros obxectos que supoñan algún perigo para as obras expostas. - Entrar con calquera tipo de animais. - Facer ruídos, alborotar, correr polas salas, patinar ou calquera outra acción que poña en perigo as obras expostas, as instalacións ou moleste ós demais visitantes. - Toca-los obxectos expostos. - Facer reportaxes (fotografía, vídeo, ...) de vodas ou calquera outro tipo de celebración. - Fumar na totalidade das zonas de visita. - Beber, comer ou acceder con alimentos ó Museo. - Tirar desperdicios nas salas.

### > PRECÍSASE AUTORIZACIÓN PARA

- Facer fotos ou filmacións no interior do Museo. Só se permite que os visitantes realicen fotos na parte baixa do Claustro .  
- Realizar apuntes ou debuxos das obras expostas, do interior das salas ou das instalacións, agás actividades de grupos que o requiran.  
- Facer copias das obras expostas.



DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA

  
Cultura



MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

75 ANIVERSARIO  
MUSEO  
PROVINCIAL  
DE LUGO  
CONSEJO DE FUTURO

## Horario de visitas

### > INVERNO

De luns a venres Mañás de 10,30 a 14 h. Tardes de 16,30 a 20,30 h.

Sábados Mañás de 10,30 a 14 h. Tardes de 16,30 a 20 h.

Domingos e festivos Mañás de 11 a 14 h.

### > VERÁN Xullo - Agosto

De luns a venres Mañás de 11 a 14 h. Tardes de 17 a 20 h.

Sábados Mañás de 10 a 14 h.

Domingos e festivos pechado

O museo permanecerá pechado os días 1 de xaneiro (Aninovo), martes de Entroido, 22 de maio (Santa Rita), e 24, 25 e 31 de decembro.

### > ENTRADA GRATUÍTA

### > COMO CONCERTAR UNA VISITA EN GRUPO

As visitas en grupo deben concertarse previamente chamando ó teléfono 982 242 112. Se requiren os servizos dun guía deben concertarse co Departamento de didáctica chamando ó mesmo teléfono cunha antelación de 7 días (para actividades permanentes) e de 15 días (para actividades temporais). Tamén poden solicitar información a través do noso correo electrónico:

 [museo@museolugo.org](mailto:museo@museolugo.org) / [didactica@museolugo.org](mailto:didactica@museolugo.org)

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

Praza da Soidade, nº 7 / Telf. 982 242 112 / Fax 982 240 240 / 27001 Lugo / [www.museolugo.org](http://www.museolugo.org)